

# RUTA DAS XANAS

3 de Febreiro do 2018

“Son pequeniñas, pero radiantemente fermosas. O seu cabelo longo e loiro distíngueas e fainas recoñecibles. O pelo sedoso, brillante coma miles de fíos de ouro suspendidos no ar. Ou máis ben coma penetrantes raios de sol que iluminan a noite. Porque é coa caída do sol cando elas aparecen coma da nada. Concretamente na noite máis máxica do ano, a de San Xoán. E fano bailando mentres tenden as súas roupas. Unhas vestiduras que previamente lavaron con mimo nas augas cristalinas do río. Esa beleza ven acompañada dunha profunda xenerosidade regalando ós pastores novelos de ouro e prata. Só piden unha cousa, que as liberen do seu encantamento. Falamos das Xanas, un dos personaxes máis fascinantes da mitoloxía astur-leonesa. Ninfas que parecen perfectas e que bautizan unha das rutas de senderismo máis atractivas do paraíso asturiano, a Ruta das Xanas.”

O desfiladeiro das Xanas, situado no corazón do Centro Asturiano, foi declarado Monumento Natural polo Principado de Asturias en abril do 2002 polo seu grande interese natural, paisaxístico e didáctico; considerado tamén como o irmán pequeno da Garganta do Cares.

É unha ruta, sen moita dificultade, duns 8 km. de percorrido, dividido en 3,7 km. de ida e outros tantos de volta. Vai dende El Molín de las Xanas ata a ermida de San Antonio en Pedroveya, no Concejo de Quirós.

Comezamos a ruta con boa marcha, ben abrigadiños e protexidos para a choiva, todo indicaba que o bo tempo non nos ía acompañar.

Imos ascendendo o camiño sen grande dificultade e nas zonas máis estreitas tiñamos cordas suxeitas nas paredes da rocha, a modo de pasamáns para agarrarse. Un camiño escavado na rocha á metade da súa altura, con túnel incluído, nunha ladeira do desfiladeiro, que, ás veces, deixa ver o río aló abaixo e outras, só se escoita o ruxir da auga. Ó outro lado do río poden verse as paredes de rocha totalmente verticais e escarpadas, na súa maioría rocha caliza, algo de pizarra e arenisca.

Facemos paradas cada pouco para xirarnos e admirar tanta beleza, e como non, sacar algunha que outra foto.

Logo de pasar o desfiladeiro entramos nun bosque espeso, maioritariamente caducifolio, con matorral, distintos tipos de carballos e amieiros que nos leva, seguindo o río, ata unha pequena ponte de madeira que atravesa o regato das Xanas.

Seguimos subindo o camiño por unhas travesas, colocadas a modo de escaleira coa fin de facilitar o ascenso (non as contei, pero eran moitas), ate chegar a un amplo campo totalmente aberto no cumio da montaña. Un campo máis branco ca verde, pola neve, onde algúns sacamos o neno que levamos dentro e aproveitamos para lanzar entre nós algunha que outra bola de neve. No medio do campo vixiante, oteándoo todo érguese a ermida de San Antonio. Uns cans de pastoreo déronnos a benvida mentres custodiaban os seus rebaños.

Unha vez estamos na metade do percorrido, agora toca comer en “Casa Generosa”, eso sí, o corpo pediunos inxerir algún líquido e por que non, escanciar unha sidrina. “Casa Generosa” está situada na pequena e fermosa aldea de Pedroveya onde se poden ver varios horreos típicos asturianos da zona. A comida foi, por suposto, un xantar tradicional asturiano que fixo as delicias dos máis esixentes.

Logo, coa barriga xa farta, tocaba facer o mesmo percorrido de volta e emprendemos o descenso, disfrutando unha vez máis de tan fermosa paisaxe.

Grazas pola vosa compañía e ata a próxima!

Xonxa